

Á Mesa da Comisión 4.^a,

Educación e Cultura

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presente ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Socialista, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun acordo coa Igrexa Católica en relación co réxime de visitas ás catedrais de Mondoñedo, Ourense e Tui (10/PNC-001830, documento número 22795).

Emenda de adición

Débese engadir o seguinte contido na liña terceira da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada do seguinte xeito:

Despois de: “... catedrais de Mondoñedo, Ourense, Tui...” engadir “ e o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela...”.

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/09/2018 17:52:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/09/2018 17:52:07

Á Mesa da Comisión 4.^a,

Educación e Cultura

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presente ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a difusión polo Goberno galego do informe referido aos gastos desagregados da construción da sede do Consorcio Universitario de Galicia na Cidade da Cultura, así como ao custo que tería a execución do proxecto noutros espazos (10/PNC-002596, documento número 31940).

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo ao final da parte resolutiva da proposición non de lei co seguinte contido:

Engadir in fine: “... Así mesmo, insta ao Goberno galego a non utilizar en ningún caso orzamentos destinados ao Sistema universitario de Galicia para a construción de dito edificio.”

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/09/2018 17:54:41

María de la Concepción Burgo López na data 26/09/2018 17:54:51

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado César Fernández Gil, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia **10/PNC-002886 (36012)**, sobre a planificación polo Goberno galego das obras necesarias e pendentes no CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha, de xeito que estean rematadas ao inicio do curso 2019-2020

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a planificar a realización da segunda fase de ampliación no CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha no momento que sexa prioritario garantindo sempre a escolarización de todo o alumnado”

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/09/2018 18:02:51

César Manuel Fernández Gil na data 26/09/2018 18:03:20